

# OBRADOIROS PREPARADOS, LISTOS, XA! E ACÓRDOME, RECÓRDOO



ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA

**MONITORA:** Miriam Domínguez Fontenla (Psicóloga)

## **OBXECTIVO XERAL:**

Nas sucesivas sesións de que constan estes obradoiros traballáronse fundamentalmente **a percepción, a atención e a memoria**, habilidades fundamentais que deben adquirir e desenvolver as nenas e nenos nas primeiras etapas da súa vida.

A **percepción-atención** é unha habilidade que posibilita concentrarse en algo sen distraerse e percibir a información con claridade. Para que un neno/a poida exercitala e mantela durante un tempo suficiente, requírese que se atope nunha situación relaxada, que non estea cansado nin adormecido e nun ambiente adecuado. Adquirir o hábito da **concentración** axuda ademais a configurar unhas boas estratexias de aprendizaxe.

Algúns **trucos** que lles demos ás máis pequenas/os para que melloren esta habilidade, sobre todo á hora de atender en clase e realizar as tarefas escolares, son os seguintes:

- 1. Mirar a alguén cando me estea a falar.**
- 2. escoitar o que me din ata o final.**
- 3. Preguntar se non entendín o que me dixeron.**
- 4. Cando me piden que faga algo, pensar ben o que teño que facer antes de realizalo.**


A **memoria** é a habilidade que nos permite recordar datos a corto, medio e longo prazo. É unha peza esencial na configuración da intelixencia das persoas, pero é

preciso que se integre dentro do conxunto das habilidades mentais como complementaria de tódalas demais. É importante traballar a memoria, posto que exercitándoa axudaremos ás nenas/os a ter un mellor desenvolvemento na escola e axudarémolas/os tamén, desta maneira, na súa capacidade para procesar o mundo que lles rodea.



## **EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:**

### **Para traballar a percepción-atención**

Unha das actividades que se lles propuxo ás nenas e nenos foi a realización de **labirintos**. Para levalos a cabo, déronselle unha serie de indicacións: localizar, no debuxo, a entrada e saída; adiantarse coa vista ata a primeira intersección; debuxar o camiño ata aí; mirar a ambos lados e elixir o seguinte tramo con saída; pararse de novo na seguinte intersección; avaliar de novo as posibles direccións.




Outras das actividades que se levaron a cabo foron: **tachar figuras iguais**, que consistía en observar o modelo e fixarse moi ben no debuxo para comprobar se este era igual ou diferente que o primeiro; **identificar** e **descubrir formas**.



### Para trabajar a memoria

Neste obradoiro do que se trataba era de por en práctica tanto a memoria visual como a auditiva. Para iso, unha das actividades que se fixo foi a **memorización de series de palabras**, aumentando progresivamente o número. É dicir, primeiro mostrábenselle ás nenas e nenos na pantalla dúas palabras que tiñan que memorizar; continuábase amosándolle tres e así sucesivamente ata chegar a un máximo de sete palabras.

Así mesmo, mediante o traballo na aula, incentivouse a **memoria visual secuencial**, na que os nenos e nenas tiñan que observar unha secuencia de debuxos e despois repetila; a **memoria de obxectos** a través do recoñecemento dun obxecto presentado con anterioridade nun conxunto deles da mesma categoría ou ben presentando un conxunto de obxectos nun primeiro momento, retírase un e hai que dicir cal é o falta, aumentando progresivamente o número de obxectos; e a **memoria secuencial auditiva**, para o cal as



nenas/os escoitaban unha secuencia de palabras, ata tres, que debían repetir. Por exemplo: CADEIRA; CADEIRA-CASA; CADEIRA-CASA-PATO.

Ademais, para traballar a **memoria auditiva**, realizáronse actividades como a lectura en voz alta dunha lista de palabras e ó finalizar as nenas/os tiñan que repetir as que recordaban. Unha variante desta actividade consiste en que cando na secuencia aparecen as palabras *pera*, *plátano* ou *mazá* hai que dar una palmada. Por último, xogouse ó “memory”. Trátase dun xogo de cartas que hai que emparellar levantando dúas de cada vez.

### **ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:**

Os libros que se amosan a continuación son un bo exemplo do que se pode facer coas nenas e nenos para traballar a memoria e a atención.

<http://www.usborne.es/catalogo/catalogo.asp?css=1&advSrch=true>

